

# CÓMICA de LINGUA

*Un espectáculo de Raquel Queizás*

Unha cómica ambulante transita polo Camiño de Santiago, pode aparecer en calquera recuncho detrás dun biombo. Presenta o seu espectáculo con poesía e pandeireta, presumindo de lingua propia.

Ela é portadora da nosa rica tradición oral. Da súa boca abrollan ditos, trabalinguas, adiviñas, contos e lendas. Onde a amizade, o amor, o bo humor, o inxenio e a intriga dánse a man.

A cómica de lingua é unha peregrina máis. Tras atravesar varias pontes chega a unha pousada. Alí perde unha quenda. Para gañarse o sustento, comeza a función para os hóspedes que alí se atopan.

Unha única intérprete dará voz e corpo a todas as personaxes das súas historias.

A actuación, de súpeto, vese interrompida por un grallo. Asoma pola fiestra da pousada unha oca!!

## **Espectáculo de narración oral con obxectos e monicreques**

Dirección e interpretación:  
Raquel Queizás.

Artefacto escénico: Titereluis

Monicreque: Titereluis

Deseño cartaz: Daniel Piñeiro

Duración do espectáculo: 50m

Montaxe/desmontaxe: 90m/40m

Público: Nenas e nenos a partir de  
3 anos. Público familiar.

info@raquelqueizas.com tel.600670740

